



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 30 - AGOSTO - 07

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Rúa Miguel de Cervantes nº 47 - 27003 Tfno: 982 284111 Fax: 982 231203

Allariz: Rúa do Portelo, 4 - 32.660 - Ourense Tfno: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@mundo-r.com](mailto:ovica@mundo-r.com)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

### NOVAS

#### Presentación da marca de garantía "Lechazo de la meseta Castellano-Leonesa".

Técnicos de OVICA e COVIGA asistiron convidados a participar no acto de presentación desta marca de garantía que nace baixo a presidencia do xerente da marca de garantía Carnes del Teleno, Narciso Fernández Prieto

Con esta marca pretenden aproveitar o nome de Castilla y León que é unha especie de marca comercial no sector do gando ovino que o consumidor identifica cun produto de alta calidade tanto nos asadores como nas carnicerías.

Con esta marca os produtores pretenden defenderse da entrada de años vivos dende outras comarcas e países (Francia,

Portugal, Turquía, Euskadi, Navarra...) que despois son sacrificados nos matadoiros da Comunidade e postos á venda co pertinente sello. Isto supón unha considerable baixada nos prezos.



### OVELLAS NO MUNDO



As ovellas póñense sexis no verán.

### MERCADOS

#### Febre Aftosa en Inglaterra

Trala aparición de varios focos de febre aftosa en Inglaterra, pecharonse as fronteiras, polo menos ata finais de Agosto, para as exportacións de ese país cara o resto de Europa.

Aínda que as exportacións cara España son moi poucas, Francia consume case un 50 % de sus necesidades de cordeiro inglés. Isto serviu para que se incrementase as vendas de cordeiro pesado para Francia e se desafoguen os cebadeiros que tiñan cordeiro grande en España.

Esto suporá a revalorización do año pequeno. Agárdase que continúe subindo ata que se coñeza o prazo de prohibición da exportación inglesa. Si se desbloqueara habería sobre oferta de cordeiro inglés en Francia e os prezos do cordeiro pesado voltarían a baixar. Isto podería afectar ós prezos do cordeiro pesado e do cordeiro pequeno.

Aínda que estas oscilacións do mercado non afectan de xeito sustancial ó mercado galego favorecerán os prezos de cara ós meses de setembro e outubro sen dúbida serán mellores que os do 2.006.

### RAZAS: CABRA PAYOYA



Orixe: Andalucía

Características: Adaptada ó pastoreo en sistemas extensivos en condicións duras e marxinais. Ten presenza en paraxes de alto valor paisaxístico no Parque Natural da Serra de Grazalema e Serra de Ronda, (Cádiz e Málaga).

Producción: Fundamentalmente adícase á produción láctea, mantén bos resultados na produción de cabritos cunha fertilidade media dun 93,6% e unha prolificidade entre 1,13 y 1,92 cabritos por parto.

Contacto: Asociación. de Criadores da Raza Caprina Payoya

956-138412 / [payoya@telefonica.net](mailto:payoya@telefonica.net)



# CAIXA RURAL GALEGA

## COMPRA – VENTA

- Véndense 12 ovellas de raza ovella galega **non** inscritas no libro xenealóxico -689 550 560.
- Buscase cachorro de can pastor – 699 515 051.
- Véndese lote de ovellas (50/60). 981 44 82 38.
- Véndese rebaño 200 ovellas + 80 cabras con 220 dereitos (Lobeira - Ourense) - 988-458662.
- Véndense machos de aptitude cárnica e xenética contrastada – 636 793 390.
- Vendese rebaño de 130 ovellas – Allariz. 687 778 511.
- Véndense 10 cabras + 1 castrón. 652 534 189.
- Cómpranse 10 dereitos de ovino 690 359 131.
- Véndense 18 ovellas con años e dereitos 697 985 240 – Porqueira – Ourense.

## SANIDADE.

### Paratuberculose.

A Paratuberculose é unha enfermidade infecciosa, contaxiosa, de curso crónico. Produce nos ruminantes adultos adelgazamento progresivo, lesións intestinais e nalgunhas ocasións diarrea. En moitos casos remata coa morte do animal. Esta enfermidade é causada pola proliferación dunha bacteria chamada *Micobacterium avium subsp paratuberculosis*.

A enfermidade transmítese vía oral, principalmente mediante as feces contaminadas que manchan ubres, auga e alimentos. O animal é máis susceptible cando é xoven, aínda que non desenvolve síntomas ata anos máis tarde. Existe polo tanto a posibilidade de ter na explotación animais enfermos, transmisores da enfermidade, aínda que non manifesten síntomas.

A principal importancia da enfermidade, de cara a gandería, radica nas importantes perdas económicas pola diminución da produción, menor valor comercial das canais e eliminación prematura de animais infectados. Existe tamén a gran preocupación de que esta bacteria poida estar involucrada na enfermidade de Crohn dos humanos, aínda que a evidencia científica ata o momento é insuficiente para probar ou descartar tal relación.

O servizo veterinario de OVICA e a ADSG ACIVO, están a realizar unha mostraxe en tódalas explotacións inscritas na ADSG. Realízase o sangrado dunha porcentaxe dos animais, para avaliar a incidencia desta enfermidade nos rebaños como primeira media de cara a por en marcha un plan de control de Paratuberculose.

Este é o primeiro paso para afrontar un problema do que o sector ovino e caprino na Galiza comeza a ser consciente e a mostrar preocupación. É necesario encarar este tipo de actuacións para responder ao interese do sector por desenvolver un proxecto como xa se ven facendo no sector bovino desde o ano 2004.



## AXUDAS

### Pago das indemnizacións por ataque de lobo.

A Consellería de Medio Ambiente e D. S., a través da subdirección xeral de caza e pesca, comunicoulle a OVICA que neste ano 2.006 están a retrasarse algúns dos pagos correspondentes ás indemnizacións por ataques de lobo.

Este retraso é debido á posta en marcha dun novo programa que permitirá, no futuro, que estes pagos se realicen dun xeito máis áxil e efectivo.

A Consellería de Medio Ambiente e D. S. quere transmitir o seu agradecemento, pola paciencia, dós/dás gandeiros/as afectados/as polos retrasos nos pagamentos.



## DEREITOS DE OVINO-CABRÚN.

### Reparto de dereitos da reserva.

Este ano haberá reparto de dereitos de ovino-cabrún da reserva nacional.

Poderanse solicitar dereitos a partir do mes de setembro de 2007 nas oficinas agrarias comarcais.

## RAPA.

### Rapa no outono.

Todos aqueles que desexen rapar os seus rebaños no mes de setembro / outubro poden de contactar con OVICA.